

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2024**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Diego Alcantarilla Rei  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas  
D. Daniel Mallo Castro  
D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy  
D. David López Saborido

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día seis de febreiro de dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D.<sup>a</sup> María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D.<sup>a</sup> Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2024 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 23 de xaneiro de 2024 e á acta da sesión ordinaria celebrada en data 30 de xaneiro de 2024, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 23 de xaneiro de 2024 e da sesión ordinaria realizada en data 30 de xaneiro de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Deputación provincial da Coruña, convocatoria do programa de subvencións dirixido ás agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2024. BOP núm. 24, de 01-02-2024.

- Axencia de Turismo de Galicia, Resolución de 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento TU503G). DOG núm. 25, de 05-02-2024.
- Xunta Electoral Provincial da Coruña, publicación da constitución definitiva da Xunta Electoral Provincial. Eleccións Parlamento Galicia 2024. BOP núm. 27, de 06.02.2024.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1.- PROPOSTA RELATIVA AO CAMBIO DE DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á ACTUACIÓN DENOMINADA “REORDENACIÓN DA CONTORNA DO PARQUE INFANTIL DA RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ”**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 2 de febreiro de 2024 (CVD: qm8Hv9mbFyq2mRBVB1ws), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación da obra de *Reordenación del entorno del parque infantil de la C/. Francisco Rodríguez* que consta na plataforma TEDeC con número 2022/C003/000020.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 19.12.2023 polo que se adjudica a citada obra designando responsable do contrato ao xefe de sección de planeamento e xestión, José Agustín Barca Cotelo.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 01.02.2024 na que, entre outras cousas, propón *“cambiar a designación de responsable do contrato correspondente á actuación denominada “Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez”, estando designado don Agustín Barca Cotelo, a favor de don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección servizos, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada”*.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023, do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Designar responsable do contrato da obra de *Reordenación del entorno del parque infantil de la C/. Francisco Rodríguez* ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe de sección de obras e servizos, Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.

**Segundo:** Notificar este acordo aos interesados e publicalo no correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, e dispoñer a apertura do procedemento de licitación; de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 dá LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 2 de febreiro de 2024 (CVD: qm8Hv9mbFyq2mRBVB1ws), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2.- PROPOSTA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DE RESPONSABLE DO CONTRATO DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓNS DE OBRA DA ÁREA DE URBANISMO E OBRAS DO CONCELLO DE CAMBRE**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 2 de febreiro de 2024 (CVD: ohdub0BUoOSATz0wAeal), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación do *Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre* que consta na plataforma TEdc con número 2021/C004/000004.

Visto que consta no expediente o contrato formalizado coa empresa *CONSULTORA DE INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L. (CIMARQ)* o día 07.04.2022 (CVD: QJuJsSQdsPHd6RHActQL) cun prazo de duración de “*DOUS ANOS a contar desde o día seguinte ao da data de formalización do contrato, podendo prorrogarse nas mesmas condicións ata un (1) ano máis, previo acordo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación de dous meses ao da finalización do contrato principal e sen que a duración do contrato poida superar o tres anos*”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do día 14.03.2023 polo que, entre outras cousas, se deixa “*sen efecto a designación como responsable do contrato de “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da área de Urbanismo e Obras do concello de Cambre”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local*



celebrada con data 31.01.2023, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, e se designa como responsable do contrato a arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López”.

Vista a Resolución da alcaldía núm. 1850/2023, do 20 de novembro, pola que Susana Bahamonde López cesou no seu posto como arquitecta técnica interina neste Concello.

Vista a providencia do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 02.02.2024 (CVD: oJeUrXmlwXLW6rABNSND) na que, entre outras cousas, propón “cambiar a designación de responsable do contrato correspondente á actuación denominada “Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre”, estando designada dona Susana Bahamonde López, a favor de don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección servizos, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023, do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Designar responsable do contrato do *Servizo de redacción de proxectos e direccións de obra da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre* ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe de sección de obras e servizos, Óscar Souto Muíño, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Segundo:** Notificar este acordo aos interesados e publicalo no correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, e dispoñer a apertura do procedemento de licitación; de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 dá LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 2 de febreiro de 2024 (CVD: ohdub0BUoOSATz0wAeal), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución de Alcaldía núm. 68/2024, de data 26 de xaneiro, e rematan coa resolución de Alcaldía núm. 99/2024, de data 1 de febreiro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
68/2024	26-01-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de xaneiro de 2024
69/2024	26-01-2024	Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención, de conformidade coa citada resolución e co orzamento total de 111.185,13 €, para contratar a catro mulleres vítimas de violencia de xénero, para a realización de traballos de auxiliar administrativa ou conserxería nos departamentos de Réxime interior, Desenvolvemento Local e Servizos Sociais
70/2024	29-01-2024	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 640,07 euros polo IVE do autoconsumo de auga do 2023, así coma o seu pagamento. Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento, por importe de 5.103,16 euros polo canon da auga ano 2023 das dependencias municipais
71/2024	29-01-2024	Aprobar a nómina do mes de xaneiro de 2024 cun total retribucións brutas 407.608,00 euros
72/2024	29-01-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a realizar sen autorización á canalización soterrada de augas pluviais existente na marxe do camiño público municipal provenientes da finca sita en Graduil, Cambre, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución a TVR e CVC para a corrección do vertido denunciado, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
73/2024	29-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a LMFL e MJVL, pola construción dun armazón metálico vertical e un cuberto, en Quintán, Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
74/2024	29-01-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: JLCT
75/2024	29-01-2024	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da

		prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2023, no que constan 12.698 recibos por un importe de 716.724,35 euros
76/2024	29-01-2024	Conceder axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: BdelCMG
77/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: JLND
78/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: MPMNdeF
79/2024	29-01-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6. xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: GNIZ
80/2024	30-01-2024	Iniciar expediente sancionador a MBG como consecuencia da presunta comisión dunha infracción leve, consistente en ouriñar na fachada posterior da Igrexa de Santa Maria de Cambre, declarada BIC (bien de interés cultural), tipificada no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da limpeza viaria e ornato publico, propoñéndose unha sanción de 100 euros, de acordo co disposto no artigo 28.1 da citada norma
81/2024	30-01-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a ÁARP e MdelasMLF pola realización dunhas tubaxes procedentes do interior da parcela sita en Caneiro, Cambre, que atravesan o muro de peche e desembocan na parcela e no camiño público municipal, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
82/2024	30-01-2024	Ordenar aos herdeiros de MDSP e a MDGS que suspendan a utilización da cheminea instalada na edificación sita en Espiritu Santo, Cecebre, en tanto non subsanen as deficiencias existentes nela, xa que conta cunha altura inferior á establecida na norma UNE 123001, de cálculo, deseño e instalación de chemineas, sendo polo tanto susceptible de producir molestias na parcela colindante, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

83/2024	30-01-2024	Comparecer no procedemento contencioso administrativo nº PO-0004343/2023 perante a Sala 2ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada
84/2024	30-01-2024	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 268.417,93 euros a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do ano 2023
85/2024	30-01-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 2 de febreiro de 2024
86/2024	30-01-2024	Aprobar a ordenación e realización do pagamento da factura debendo detraerse, con carácter previo ao abono ao emisor, as contías embargadas pola Axencia Tributaria da Administración do Estado e a Seguridade social, notificadas ao concello de Cambre a NGS, S.L. por importe de 29.867,61
87/2024	30-01-2024	Conceder a licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar sita na rúa Wenceslao Fernández Florez, parroquia de Cambre. Solicitante: SLM
88/2024	30-01-2024	Acceder ao solicitado e remitirle a RVP, en representación do Grupo Municipal Popular, copia dos documentos obrantes, a día de hoxe, nos expedientes que de seguido se relacionan:.- Expediente "Cesión Centro Saúde Samosteiro-Cambre ao SERGAS"- Expediente de contratación dos traballos de estudo, documentación, análise, descrición e valoración dos postos de traballo para a revisión da relación do postos de traballo do Concello de Cambre.- Expediente de contratación da póliza de seguros de responsabilidade civil do Concello de Cambre
89/2024	31-01-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de decembro de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por importe total 82.441,30 €
90/2024	31-01-2024	Conceder a licenza de vao permanente para o acceso ao almacén de empresa de revestimentos de fachada situada na rúa Polígono, parroquia do Temple. Solicitante: IR, SC
91/2024	01-02-2024	Desestimar o recurso de reposición interposto por JMRF, en representación de HPde P, S.L. contra a orde de suspensión de obras acordada por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día 1 de setembro de 2023
92/2024	01-02-2024	Suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a realizar ao camiño público inventariado procedente dun orificio do peche da finca sita en Piñeiro, Brexo, de acordo co disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 1/1995. do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia. Iniciar expediente de orde de execución a RABG, para que corrixa o vertido denunciado, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
93/2024	01-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
94/2024	01-02-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
95/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a MMCS e

		JGC, pola instalación dunha caseta prefabricada na finca sita en Pazos Andeiro, sen o preceptivo título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
96/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a DGMB pola construción dunha canceira en Piñeiro, -Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
97/2024	01-02-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MdelCMP para a xestión da biomasa existente na finca sita en Mercurín, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
98/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a RFF e RFA pola realización de dous peches, un vexetal e outro metálico, na parcela sita en San Paio, Brexo, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia
99/2024	01-02-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a DGMB, pola construción dun peche (tramo A) sen adaptarse ao establecido na comunicación previa e outro peche (tramo B) en Piñeiro Cecebre, sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter á consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á non división en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024

A Sra Pan Lesta intervén e manifesta que a urxencia do asunto vén motivada porque o prazo para remitir a documentación relativa ao POS+2024 remata o día 9 de febreiro.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado e é aprobada por unanimidade.

**- ÚNICA. PROPOSTA RELATIVA Á NON DIVISIÓN EN LOTES OS INVESTIMENTOS OBXECTO DOS PROXECTOS QUE SE SOLICITA INCLUIR NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024**



A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de febreiro de 2024 (CVD: J/dMSWoirS2aOErFQ7E/), que transcrita di:

### “PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria do día 2 de febreiro de 2024, aprobou o Plan de cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, cuxas bases foron publicadas no BOP núm. 227, do 28 de novembro de 2023.

Segundo a Base 5.B.2.2 *Informe técnico sobre o investimento (ANEXO V)*, requírese informe técnico individual para cada investimento, emitido polo persoal técnico municipal ou quen teña encomendada as súas funcións, segundo o modelo Anexo V, co seguinte contido, entre outro:

«(.../...)»

- Lotes

De acordo co previsto na base 2.2, no informe debe indicarse expresamente que a obra ou subministración "non pode dividirse en lotes" que teñan o carácter de "investimento completo" no sentido de ser susceptible de entrega ao uso público, posto que cada proxecto ou prego debe constituír unha unidade a efectos de contratación, sen posibilidade de división en lotes, coa finalidade de dar cumprimento ao artigo 99.3 da Lei 9/2017, relativo á división e adjudicación en lotes.

Non obstante, no caso de que o concello solicite incluír neste Plan un proxecto de obra ou prego dunha subministración susceptible de división en lotes, e o órgano de contratación acorde motivadamente non dividilo en lotes, este informe deberá pronunciarse sobre se a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, ou ben se provocaría problemas de coordinación ou doutra índole na execución das diferentes prestacións.

(.../...)»

Vistos os informes técnicos (anexo V) emitidos polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da sección de servizos, don Óscar Souto Muíño, respecto dos investimentos que se relacionan:

Denominación do investimento	Data	Código de verificación
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2	18.01.2024	CVD: +Jh1sUHqFT3RryO6Bfh3
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre	18.01.2024	CVD: mvCKGPFuo+4V0RZJ5/x6
Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1	18.01.2024	CVD: EvyaPY0uwjvz/0lj4JYf
Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre	18.01.2024	CVD: M/ONisAaHRhiGmJK7h9a
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 1	18.01.2024	CVD: NVj8yRLRT/TqCdGvzkeU
Proxecto básico e de execución mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre	18.01.2024	CVD: 8MskX6gkXKfgOQbM+p0+
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	18.01.2024	CVD: 9CJmKXavSekTUQKF0K1g

Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	18.01.2024	CVD: III4M/Bv746FWGkKCJRo
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda da Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706	18.01.2024	CVD: Dx1U2CYjbt/AO9yu4qwf
Obras de oportunidade na senda da Casilla, AC-214, Pks 7+145-8+045	18.01.2024	CVD: j9nhIH0HNRf5j8NHxbXg
Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	18.01.2024	CVD: 6on0ulJMSYn2S5E5yovc

En uso das atribucións que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía núm. 1171/2023, do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución núm. 1172/2024, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Non dividir en lotes os investimentos obxecto dos proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2024 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento de contrata do investimento co IVE incluído
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2	42.603,83 €
Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre	104.704,65 €
Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1	173.393,63 €
Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre	87.304,04 €
Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 1	264.336,32 €
Proxecto básico e de execución mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre	73.270,21 €
Proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre	124.709,04 €
Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)	94.513,57 €
Proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda da Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706	145.499,32 €
Obras de oportunidade na senda da Casilla, AC-214, Pks 7+145-8+045	54.629,09 €
Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870	47.120,44 €

**Segundo.-** Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

**1. Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 2:**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

## **2. Mellora da accesibilidade e seguridade peonil no edificio sociocultural na parroquia de Cela. Concello de Cambre:**

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:

- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.
- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun so lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrència, garantir o acceso real da PEME á licitación, a defensa da competencia.

## **3. proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 1**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

## **4. Remodelación da parada de bus de r/Tapia. Cambre**

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:

- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- O ámbito de actuación é de pequena amplitude.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa

coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.

- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun so lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrencia, garantir o acceso real da PEME á licitación, a defensa da competencia.

### **5. Mellora da accesibilidade na contorna da igrexa de Santa María de Cambre. Fase 1**

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:

- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- O ámbito de actuación é de pequena amplitude.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecostos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.
- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun so lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrencia, garantir o acceso real da PEME á licitación, a defensa da competencia.

### **6. proxecto básico e de execución mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da AC-214 e rúa Carballo. 15660 Cambre**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

### **7. proxecto básico e de execución de Mellora funcional da rúa Rocón. Concello de Cambre**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

### **8. Mellora da rede de pluviais en rúa Otero Pedraio e na Patiña (Cela)**

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polos seguintes motivos previstos na citada norma:

- X Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
- X Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
- X Outros motivos técnicos (especificar)

A xustificación da NON división en lotes é a seguinte:

- Supón unha maior eficacia e un maior axuste dos recursos económicos e humanos, ao non provocar duplicidades nos postos de traballo e de medios materiais.
- A realización independente das distintas unidades dificultaría a correcta execución da obra e a obtención do obxecto do contrato, por estar todas intimamente vinculadas de forma que a súa coordinación complicaría e alongaría a execución dos traballos de forma innecesaria, ocasionando sobrecustos pola pouca entidade das unidades que constituirían cada un dos lotes posibles.
- Baséase no principio reitor básico da contratación pública, que é a eficiente utilización dos fondos públicos e, que conleva, buscar a maior racionalización na execución das prestacións. A integración de todas as unidades de obra nun so lote permite optimizar os recursos e mellorar a eficacia e eficiencia da obra.
- Non queda minguado ningún dos principios xerais das novas directivas en materia de contratos públicos, como son mellorar a transparencia, favorecer a igualdade de oportunidades e a non discriminación, promover a libre concorrència, garantir o acceso real da PEME á licitación, a defensa da competencia.

#### **9. proxecto de execución das obras de reforzo do firme e reposición de beirarrúas desde a senda da Casilla ata o cruce AC-214 con DP-1706**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

#### **10. Obras de oportunidade na senda da Casilla, AC-214, Pks 7+145-8+045**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

#### **11. Obras de oportunidade na senda de A Xira, AC-214, pks 8+500-8+870**

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

**Segundo:** Dar traslado ao Departamento de Obras e Servizos para o seu coñecemento e para os efectos oportunos”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 5 de febreiro de 2024 (CVD: J/dMSWoirS2aOErFQ7E/), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo